



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

### **RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO**, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN PARA IMPLANTACIÓN NA PROVINCIA DE OURENSE DUN PARQUE EMPRESARIAL EXCLUSIVAMENTE VINCULADO AO SECTOR AGROALIMENTARIO**.

Moitas veces tense escoitado a frase “hoxe temos que recordar...” no salón de plenos da Deputación de Ourense, sempre en alusión a intervencións, compromisos, anuncios ou acordos pasados, feitos polos deputados e deputadas que forman ou formaron parte da corporación provincial.

Ao longo destes últimos anos, teñen sido moitas as mocións ou propostas aprobadas nas diferentes sesións, tanto ordinarias como extraordinarias. Mais o paso do tempo e a realidade acaban evidenciando que só unha escasa porcentaxe destes acordos plenarios chegan a materializarse, e outros moitos quedan no esquecemento, incluso despois de que foran aprobadas por unanimidade.

Dentro deste carrusel de incumprimentos, entre outros, destaca unha proposta que acumula moitos anos de historia posto que hai que retroceder, como mínimo, ao ano 2014 para atopar unha primeira iniciativa co fin de impulsar a implantación na provincia de Ourense dun parque empresarial exclusivamente vinculado ao sector agroalimentario.

En anos posteriores (2016 e 2017) tamén houbo mocións ou propostas nese mesmo senso, buscando un pulo para este sector empresarial e para a dinamización económica, instando a “promover”, por exemplo, a “constitución da Zona Franca de Ourense”; o “estudo” para a implantación da “marca Ourense de calidade na produción agroalimentaria” ligada ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas existentes no noso territorio.

Algunhas destas propostas acapararon grandes titulares nos medios de comunicación. Incluso foron incluídas nos presuntos programas electorais de “candidatos” a presidir a Deputación Provincial de Ourense e tamén foron recollidas en supostos “plans de mandato” que ían ser cumpridos *a pies juntillas*.

Todas estas iniciativas foron presentadas e debatidas nalgúns dos “importantes” debates do estado da provincia que se celebraron durante o último lustro e, no caso concreto da iniciativa que hoxe traemos a esta sesión, incluso foi aprobada en dúas ocasións polo pleno, unha delas por unanimidade, grazas a unha proposta do grupo provincial socialista no ano 2018. Este feito é un exemplo máis que explica con claridade a postura do PSdeG-PSOE ao longo dos últimos anos, declinando asistir a esta sesión extraordinaria, a causa da súa escasa eficacia e ante os problemas reais da veciñanza da provincia de Ourense.

Son por todos e todas coñecidos os relevantes datos que a industria agroalimentaria aporta a esta provincia, significándose como unha actividade clave no tecido económico



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

ourensán, sendo moi destacable o elevado número de empregos que xenera exercendo, polo tanto, unha repercusión vital na economía social do noso territorio. Xuntas suman case un terzo de todo o sector industrial de Ourense, dando emprego a máis de 8.000 traballadores e traballadoras nos ámbitos da industria agroalimentaria, as bebidas, a agricultura e a silvicultura.

Este sector e un dos grandes motores do comercio exterior e do noso mercado laboral, cun papel nuclear no conxunto das exportacións da provincia. Non hai máis que observar como, nalgúns comarcas de Ourense, o seu peso relativo sobre o conxunto da industria chega a acadar preto do 70 % do total.

Esta industria agroalimentaria é nuclear para as cifras macroeconómicas de Ourense, pero tamén pola seu destacado papel dentro da economía de proximidade de miles de persoas que viven deste sector. Ao longo das últimas décadas podemos observar un destacado incremento no seu número de traballadores e unha tecnificación do emprego, para facer fronte aos retos que abren os mercados internacionais ou as novas tecnoloxías. A agroalimentación serviu e servirá, unha vez mais, para non conxelar a nosa economía en anos de crise.

Por todo o exposto, o grupo provincial socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Diseñar, coordinadamente con outras administracións públicas e co sector privado, a implantación na provincia de Ourense dun parque empresarial exclusivamente vinculado ao sector agroalimentario.
2. Instar ao Presidente da Deputación Provincial de Ourense a que cumpra o estipulado no punto 21, artigo 61 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, como tamén o recollido na letra n, punto 1 do artigo 34 da Lei de Bases do Réxime Local, nos que se indican, entre as funcións do Presidente da Deputación, "*facer cumprir os acordos da Deputación*", con especial atención a todos aqueles que contaron con apoio unánime.

Ourense, 14 de xaneiro de 2021

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**